

MARCO / DIDÁCTICA

SESIÓN CON *MIMO*, un can diferente

Martes 30 de maio, de 17.30 a 19.00

Sala Didáctica Galería B3 (1º andar) e espazo exterior na contorna do museo

Para participantes programa obradoiros MARCO/AFAGA. Aforo completo

O vindeiro martes 30 de maio será o peche de tempada do programa de **obradoiros interxeracionais organizado pola área de Didáctica do MARCO en colaboración con AFAGA** (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia), que volverá a retomarse a partir de outubro.

Xunto ás **persoas maiores** e **público infantil** que son participantes habituais, esta última sesión estará protagonizada por *Mimo*, un pastor **Border Collie** acreditado oficialmente como **can de terapia**, e conducida pola súa dona, técnica en terapias asistidas con cans e traballadora social en AFAGA, Victoria Lago Candeira.



Mimo, que chegou a converterse en can de terapia tras ser maltratado e abandonado, é un exemplo de como un animal de descarte pode chegar a ser un referente de recuperación e proxección social grazas á educación en positivo. A través da súa interacción cos participantes, comprobaremos como o bo trato é o recurso fundamental para relacionarnos coas persoas e animais, coa natureza e coa nosa contorna, fomentando actitudes amables e respectuosas. A sesión estruturarase en dúas fases, incluíndo varias actividades de xogo directo, e a creación dun retrato de Mimo no noso 'Laboratorio das Artes'.

Programa de obradoiros para público infantil e persoas usuarias de AFAGA

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

En colaboración con AFAGA. Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia

Destinatarios: persoas maiores afectadas de Alzheimer e público infantil de 7 a 12 anos

Lugar: salas de exposición e Espazo Anexo/Laboratorio das Artes

Datas: do 17 de xaneiro ao 30 de maio de 2023

Horario: martes de 17.30 a 19.00

Colabora



A colaboración entre a área de Didáctica do MARCO e AFAGA, Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia, iniciouse en decembro de 2021 e dende entón non fixo máis que crecer. Coa participación de persoas maiores afectadas de Alzheimer e público infantil entre 7 e 12 anos, esta proposta interxeracional ofreceu moi bos resultados, tanto pola acollida dos usuarios como polos seus obxectivos cualitativos, demostrando o valor da experiencia artística como recurso terapéutico, como ferramenta de sensibilización, como reflexión individual e grupal, e como vía de socialización.

O mesmo que toda a programación educativa do MARCO, estes talleres contan co apoio de Fundación “la Caixa”, coa participación de Caixabank. Dende 2021, a área de Didáctica do MARCO, baixo o lema ‘MARCO inclusivo’, reforzou e ampliou a súa oferta co obxectivo de identificar necesidades, crear recursos, facilitar espazos e instrumentos para a inclusión, e chegar a públicos diversos.

Contacto Comunicación e Didáctica

Marta Viana Tomé

comunicacion@marcovigo.com

didactica@marcovigo.com

Tel. 986 113908 / 113900